

**BASES PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE XERENTE CON CONTRATO POR OBRA
E SERVIZO POLA ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL
“SIL-BIBEI-NAVEA”**

A Asociación PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA por acordo da Xunta Directiva desta Asociación de data 10 de febreiro de 2009 dispuxo convocar unha praza de Xerente de conformidade coas seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Convócanse probas selectivas para prover, a través dun contrato por obra ou servizo, unha praza de Xerente no réxime de persoal laboral da Asociación PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA

As funcións do posto son:

- Organizar estratexias e consecución de obxectivos que planifiquen os órganos do GDR 11
- Dinamizar e asesorar a sectores de poboación, a particulares, empresas e persoas emprendedoras susceptibles de ser beneficiarias das accións LEADER.
- Colaborar coas estruturas de desenvolvemento das Administracións Locais, Autonómicas ou Estatais.
- Impulsar a execución dos proxectos ou actuacións aprobadas dentro do Programa LEADER.
- Analizar e avaliar os proxectos presentados e elaborar informes respecto as iniciativas e seguimento das certificacións.
- Calquera outra que lle sexa encomendada pola Asemblea xeral, a Xunta Directiva ou Presidencia do GDR, así como as inherentes ó Programa LEADER que marque a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).
- Dirixir o equipo de xestión do Programa.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS.

As características do posto que se oferta, titulación e requisitos, así como as retribucións anuais son:

Denominación:	Xerente
Titulación:	Licenciatura, Diplomatura ou Enxeñería Superior ou técnica.
Retribución bruta anual:	28.000 euros brutos anuais, que se distribuirán en 14 pagas.
Duración:	A duración do contrato será ata o 31 de decembro de 2013, sen prexuízo de que por necesidades de acompañamento do desenvolvemento do programa, poidan continuar ata o 31 de decembro de 2015, data na que en todo caso, remata o programa Leader

ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA
PROGRAMA LEADER 2007-2013; GDR-11

Xornada: será de 40 horas semanais en horario de mañá e tarde en función das necesidades da Asociación.

TERCEIRA.- REQUISITOS.

Poderán presentarse ao proceso selectivo todos/as os/as que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a, ou natural dun Estado membro da Comunidade Europea ou de algún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de Licenciatura Universitaria Enxeñaría superior, diplomatura ou enxeñaría técnica expedido por Centro Oficial debidamente recoñecido, ou estar en condicións de obtelo no mesmo día de finalización do prazo de presentación de instancias.

No caso de invocar un título equivalente ós esixidos haberá de acompañarse certificado expedido polo Consello Nacional de Educación que acredite a citada equivalencia.

- d) Coñecementos informáticos de nivel avanzado de usuario.
- e) Non desenvolver cargos electos na Asociación.
- f) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- g) Disponibilidade de vehículo.
- h) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza.
- i) Non estar incurso en causa de incapacidade, segundo a lexislación vixente.
- j) Non ter sido separado/a definitivamente, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa española deberán acreditar igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal, que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

CUARTA.- SOLICITUDES.

4.1.- As instancias solicitando ser admitidos/as e tomar parte no proceso de selección, nos que os/as aspirantes deberán manifestar que coñecen as bases, someténdose ás mesmas e que reúnen os requisitos esixidos na Base Terceira estarán dirixidas ó Sr. Presidente da Asociación *PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA* e presentaranse no Rexistro Xeral

do CONCELLO DE San Xoán de Río, en Praza do Concello, nº 2, CP 34770 en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres, dentro do prazo de 10 días naturais contados a partires do seguinte ó da publicación da presente convocatoria na prensa, segundo modelo que se xunta como anexo I ás presentes bases.

Tamén se poderán presentar as solicitudes e documentación conforme ás normas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común conforme á redacción dada pola Lei 4/1999.

4.2.- A instancia – solicitude será necesario acompañala dos seguintes documentos:

- a) Copia cotexada do D.N.I.
- b) Copia cotexada do permiso de conducir.
- c) Copia cotexada da titulación requirida.
- d) Currículo do/a aspirante, onde se relacionen os méritos.
- e) Copia cotexada dos xustificantes dos méritos alegados.
- f) Copia cotexada do informe de vida laboral e contratos, ou certificado que acredite o tempo traballado.
- g) Declaración expresa de dispoñibilidade de vehículo.
- h) Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como o compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias.
- i) Declaración de non desempeño de cargos electos na Asociación
- j) Declaración de que caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con adicación exclusiva
- k) Declaración de non estar incurso en causas de incapacidade segundo a lexislación vixente.
- l) Declaración de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do procedemento de selección, salvo no disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no referente á subsanación de ditas omisións.

Ademáis da documentación esixida para ser admitido/a deberá presentarse na mesma data:

- Documentación acreditativa dos méritos que aleguen para a súa baremación.
- A documentación acreditativa deberá referirse sempre a data indicada no punto 4.1 anterior. Non se valorarán aqueles méritos non acreditados convintemente.

4.3.- Os/As aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

QUINTA. - ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia aprobará no prazo máximo de un mes a relación provisional de admitidos e excluídos, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de San Xoán de Río indicando as causas da exclusión e concedendo un prazo de cinco días naturais para a subsanación de defectos. De terse presentado reclamacións de dita lista provisional, serán aceptadas ou rexeitadas no acto polo que se aprobe a lista definitiva, que será feita pública e exposta así mesmo na forma indicada anteriormente. Conxuntamente coa lista definitiva de admitidos e excluídos publicárase a data, hora e comezo da fase de oposición.

De non existir excluídos na lista provisional, que é o que xustifica o prazo para a presentación de reclamacións, este omitirase elevándose dita lista a definitiva.

5.2.- Os erros de feito poderán subsanarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado.

SEXTA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN.

6.1.- Estará constituída da seguinte forma:

TITULARES:

Presidente: O da Asociación ou membro da mesma en quen delegue.

Vogais:

- O Vicepresidente, o Secretario e a Tesoureira da Xunta Directiva da Asociación, Un membro da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) que actuará con voz pero sen voto.

Secretario: A Secretaria do Concello de San Xoán de Río que actuará con voz e sen voto.

6.2.- A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

A Comisión poderá acordar a incorporación de asesores e especialistas para todas ou algunha das probas. Estes asesores limitaranse a valorar os exercicios correspondentes á súa especialidade técnica e colaborarán exclusivamente en base a dita especialidade.

6.3.- Os/As membros da Comisión deberán absterse de formar parte da mesma cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 de Lei 30/1.992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Tamén deberán absterse os/as membros do Tribunal que tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas

ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA
PROGRAMA LEADER 2007-2013; GDR-11

selectivas de acceso a postos da especialidade que se convoca desta Asociación, nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/As aspirantes poderán recusalos/as cando concorran estas circunstancias.

6.4.- A actuación da Comisión axustarase estritamente ás bases da presente convocatoria.

Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos para aqueles supostos non previstos nas bases.

SÉTIMA.- CALENDARIO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS E ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES.

As probas selectivas realizaranse nun prazo máximo de tres meses a partires da publicación do anuncio desta convocatoria.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

8.1.- O procedemento de selección dos/as aspirantes constará de tres fases:

FASE 1ª.- Concurso de méritos.

MÉRITOS		PUNTUACIÓN
TITULACIÓN ACREDITATIVA	Mínima exigible: Diplomado universitario	Max. 1 punto
	Licenciado.....	1
	Diplomado.....	0.5
EXPERIENCIA PROFESIONAL	Experiencia acreditada en programas de desenvolvemento: Por cada seis meses : 0,15 puntos.	Máx. 1.5 puntos

FASE 2ª.- Proba escrita.

Os/as candidatos/as admitidos/as realizarán unha proba escrita, en galego, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR de Galicia 2007/2013, normativa de subvencións e territorio de actuación do GDR que se valorará con un máximo de 5 puntos.

A proba constará de 50 preguntas tipo test. Esta proba será eliminatoria, sendo precisa para superala un mínimo de 3 puntos.

Os aspirantes terán que presentarse para a realización do exercicio provistos de D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, e bolígrafo.

FASE 3ª.- Entrevista persoal.

Realización dunha entrevista persoal de selección, que será en galego durante un período entre 10 e 20 minutos na que se valorará, ademáis dos contidos propios do posto de traballo, a formación e experiencia profesional, os coñecementos, habilidades, capacidades e destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal e non verbal, etc., sendo a puntuación máxima a obter nesta fase de 2,5 puntos.

O número de puntos que poderá ser outorgado por cada membro do Tribunal será de 0, 00 a 2,5. A calificación final do exercicio será a suma de todas as calificacións outorgadas polos membros do Tribunal, dividida polo número de membros que teñan puntuado. Se se producira unha variación de 2 ou máis puntos nas calificacións outorgadas polos membros do Tribunal, eliminaríanse as puntuacións maior e menor.

8.2.- Acreditación de méritos:

A acreditación de méritos farase mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cotexada:

a) Experiencia laboral:

- A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo e/ou certificados de empresa modelo oficial ou outros documentos oficiais que reflicten claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral
- A xustificación académica realizarase co correspondente título ou resgardo da solicitude do mesmo.

Condicións Xerais:

- **Non se admitirán acreditacións fóra do prazo de presentación sinalado na base 4.1.**
- **A documentación aportada quedará no expediente, sen posibilidade de recollida posterior ó proceso de selección.**

NOVENA.- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA.

A puntuación final total de cada aspirante obterase sumando a puntuación total das tres fases. En caso de empate, dirimirase por aquel aspirantes que tivera alcanzado mellor puntuación na

fase 2ª. De persistir o empate, dirimirase a favor daquel aspirante que tivera un número de acertos máis alto nas preguntas sobre desenvolvemento rural.

DÉCIMA.- ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES.

10.1.- A orde de actuación dos/as aspirantes na terceira fase, será por orde alfabético de primeiro apelido, comezando coa letra que se determine en sorteo previo.

10.2.- Os/as aspirantes serán convocados/as, provistos de D.N.I., en chamamento único. A non presentación dun/ha aspirante ó exercicio da segunda e terceira fase no momento de ser chamado, determinará automaticamente o cese do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluídos, en consecuencia, do procedemento selectivo.

UNDÉCIMA. – RELACIÓN DE APROBADOS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E BOLSA DE TRABAJO.

11.1.- Finalizada a calificación dos/as aspirantes das probas previstas, o Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida, non podendo superar en número, en ningún caso, ao de prazas convocadas, que é unha.

Acto seguido, por orde do Sr. Presidente, elevarase a definitiva a proposta do Comité de Avaliación do aspirante con mellor puntuación.

11.2.- Notificada a resolución do nomeamento, deberá o/a interesado/a comparecer para subscribir o contrato correspondente e comezará a prestar o seu servizo no día que se lle indique.

11.3.- Para os supostos de quedar vacante por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas, pola Presidencia de GDR-11 procederase a realizar as contratacións da bolsa de traballo que se teña constituído co resto de aspirantes que teñan superado as fases dúas e tres (fase de oposición).

DUODÉCIMA.- NORMA FINAL

Os procedementos establecidos nas bases así como as actuacións derivadas da súa aplicación por parte do Tribunal de Selección, poderán ser impugnados no prazo e forma establecidos na Lexislación que resulte de aplicación.

DILIXENCIA: A poño eu, o Secretario, para hacer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta Directiva, de data dez defebreiro do 2009.

En San Xoán de Río ,a 12 de febreiro de 2009.

**BASES PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICOE CON CONTRATO POR OBRA
E SERVIZO POLA ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL
“SIL-BIBEI-NAVEA”**

A Asociación Sil-Bibey-Navea por acordo da Xunta Directiva desta Asociación de data 10 de febreiro de 2009 dispuxo convocar unha praza de Técnico/a de conformidade coas seguintes bases reguladoras:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Convócanse probas selectivas para prover, a través dun contrato por obra ou servizo, unha praza de Técnico/a no réxime de persoal laboral da Asociación de Desenvolvemento Comarcal Sil-Bibei-Navea. O contrato será a tempo completo e por obra ou servizo determinado.

As funcións do posto serán a avaliación de proxectos, contabilidade, elaboración de estudos de viabilidade de proxectos e aquelas outras que lle sexan demandadas para cumprir os obxectivos do Programa Leader Galicia 2007-2013.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS.

As características do posto que se oferta, titulación e requisitos, así como as retribucións anuais son:

Denominación: Técnico/a.

Titulación Mínima: Diplomatura ou Enseñaría Técnica.

Retribución bruta anual: 22.000 euros brutos anuais, que se distribuirán en 14 pagas.

Duración: A duración do contrato será ata o 31 de decembro de 2013, sen prexuízo de que por necesidades de acompañamento do desenvolvemento do programa, poidan continuar ata o 31 de decembro de 2015, data na que en todo caso, remata o programa Leader

Xornada: será de 40 horas semanais en horario de mañá e tarde en función das necesidades da Asociación.

TERCEIRA.- REQUISITOS.

Poderán presentarse ao proceso selectivo todos/as os/as que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a, ou natural dun Estado membro da Comunidade Europea ou de algún estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) **Estar en posesión do título de Diplomatura ou Enseñaría Técnica**, expedido por Centro Oficial debidamente recoñecido, ou estar en condicións de obtelo no mesmo día de finalización do prazo de presentación de instancias.

*ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA
PROGRAMA LEADER 2007-2013; GDR-11*

No caso de invocar un título equivalente ós esixidos haberá de acompañarse certificado expedido polo Consello Nacional de Educación que acredite a citada equivalencia.

- d) Coñecementos informáticos de nivel avanzado de usuario.
- e) Non desenvolver cargos electos na Asociación de Desenvolvemento Comarcal SIL-BIBEI-NAVEA.
- f) Dispoñibilidade de vehículo.
- g) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes á praza.
- h) Non estar incurso en causa de incapacidade, segundo a lexislación vixente.
- i) Non ter sido separado/a definitivamente, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa española deberán acreditar igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal, que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

Os requisitos establecidos nos apartados anteriores deberán cumprirse o derradeiro día do prazo de presentación de instancias e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

CUARTA.- SOLICITUDES.

4.1.- As instancias solicitando ser admitidos/as e tomar parte no proceso de selección, nos que os/as aspirantes deberán manifestar que coñecen as bases, someténdose ás mesmas e que reúnen os requisitos esixidos na Base Terceira estarán dirixidas ó Sr. Presidente da Asociación de Desenvolvemento Comarcal SIL-BIBEI-NAVEAe presentaranse no Rexistro Xeral do CONCELLO DE San Xoán de Río., en Praza do Concello, 2, CP 34770 en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres, dentro do prazo de 10 días naturais contados a partires do seguinte ó da publicación da presente convocatoria na prensa, segundo modelo que se xunta como anexo I ás presentes bases.

Tamén se poderán presentar as solicitudes e documentación conforme ás normas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común conforme á redacción dada pola Lei 4/1999.

4.2.- A instancia – solicitude será necesario acompañala dos seguintes documentos:

- a) Copia cotexada do D.N.I.
- b) Copia cotexada do permiso de conducir.
- c) Copia cotexada da titulación requirida.
- d) Currículo do/a aspirante, onde se relacionen os méritos.
- e) Copia cotexada dos xustificantes dos méritos alegados.
- f) Copia cotexada do informe de vida laboral e contratos, ou certificados que acrediten o tempo traballado.
- g) Declaración expresa de dispoñibilidade de vehículo.

*ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA
PROGRAMA LEADER 2007-2013; GDR-11*

- h) Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como o compromiso de informar no caso de cambiar estas circunstancias.
- i) Declaración de que caso de ser a persoa seleccionada para o posto o desenvolverá con adicación exclusiva
- j) Declaración de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.

A non presentación da anterior documentación motivaría a exclusión do procedemento de selección, salvo no disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no referente á subsanación de ditas omisións.

Ademáis da documentación esixida para ser admitido/a deberá presentarse na mesma data:

- Documentación acreditativa dos méritos que aleguen para a súa baremación.
- A documentación acreditativa deberá referirse sempre a data indicada no punto 4.1 anterior. Non se valorarán aqueles méritos non acreditados convintemente.

4.3.- Os/As aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

QUINTA. - ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1.- Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia aprobará no prazo máximo de un mes a relación provisional de admitidos e excluídos, que será publicada no taboeiro de anuncios do Concello de .San Xoán de Río . indicando as causas da exclusión e concedendo un prazo de cinco días naturais para a subsanación de defectos. De terse presentado reclamacións de dita lista provisional, serán aceptadas ou rexeitadas no acto polo que se aprobe a lista definitiva, que será feita pública e exposta así mesmo na forma indicada anteriormente. Conxuntamente coa lista definitiva de admitidos e excluídos publicarase a data, hora e comezo da fase de oposición.

De non existir excluídos na lista provisional, que é o que xustifica o prazo para a presentación de reclamacións, este omitirase elevándose dita lista a definitiva.

5.2.- Os erros de feito poderán subsanarse en calquera momento de oficio ou a petición do interesado.

SEXTA.- COMISIÓN DE AVALIACIÓN.

6.1.- Estará constituída da seguinte forma:

TITULARES:

Presidente: O da Asociación ou membro da mesma en quen delegue.

Vogais:

*ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA
PROGRAMA LEADER 2007-2013; GDR-11*

- O Vicepresidente, o Secretario e a Tesoureira da Xunta Directiva da Asociación, Un membro da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) que actuará con voz pero sen voto.

Secretario: A Secretaria do Concello de San Xoán de Río que actuará con voz e sen voto.

6.2.- A Comisión non poderá constituírse nin actuar sin a asistencia, como mínimo, da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

A Comisión poderá acordar a incorporación de asesores e especialistas para todas ou algunha das probas. Estes asesores limitaranse a valorar os exercicios correspondentes á súa especialidade técnica e colaborarán exclusivamente en base a dita especialidade.

6.3.- Os/As membros da Comisión deberán absterse de formar parte da mesma cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 de Lei 30/1.992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Tamén deberán absterse os/as membros do Tribunal que tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso a postos da especialidade que se convoca desta Asociación, nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/As aspirantes poderán recusalos/as cando concorran estas circunstancias.

6.4.- A actuación da Comisión axustarase estritamente ás bases da presente convocatoria. Non obstante, a mesma resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e adoptará os acordos precisos para aqueles supostos non previstos nas bases.

SÉTIMA.- CALENDARIO DE REALIZACIÓN DAS PROBAS E ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES.

As probas selectivas realizaranse nun prazo máximo de tres meses a partires da publicación do anuncio desta convocatoria.

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

8.1.- O procedemento de selección dos/as aspirantes constará de tres fases:

FASE 1ª.- Concurso de méritos.

MÉRITOS		PUNTUACIÓN
TITULACIÓN ACREDITATIVA	Mínima exigible: Diplomado universitario	Max. 1 punto
	Licenciado.....	1
	Diplomado.....	0.5
EXPERIENCIA PROFESIONAL	Experiencia acreditada en programas de desenvolvemento: Por cada seis meses : 0,15 puntos.	Máx. 1.5 puntos

FASE 2ª.- Proba escrita.

Os/as candidatos/as admitidos/as realizarán unha proba escrita, en galego, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR de Galicia 2007/2013, normativa de subvencións e territorio de actuación do GDR que se valorará con un máximo de 5 puntos.

A proba constará de 50 preguntas tipo test. Esta proba será eliminatória, sendo precisa para superala un mínimo de 3 puntos.

Os aspirantes terán que presentarse para a realización do exercicio provistos de D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, e bolígrafo.

FASE 3ª.- Entrevista persoal.

Realización dunha entrevista persoal de selección, que se fará en galego, durante un período entre 10 e 20 minutos na que se valorará, ademais dos contidos propios do posto de traballo, a formación e experiencia profesional, os coñecementos, habilidades, capacidades e destrezas necesarios para o desenvolvemento do posto de traballo solicitado, actitude e motivación para o mesmo, capacidade de transmisión e/ou comunicación verbal e non verbal, etc., sendo a puntuación máxima a obter nesta fase de 2,5 puntos.

O número de puntos que poderá ser otorgado por cada membro do Tribunal será de 0, 00 a 2,5. A calificación final do exercicio será a suma de todas as calificacións outorgadas polos membros do Tribunal, dividida polo número de membros que teñan puntuado. Se producira unha variación de 2 ou máis puntos nas calificacións outorgadas polos membros do Tribunal, eliminaríanse as puntuacións maior e menor.

8.2.- Acreditación de méritos:

A acreditación de méritos farase mediante a presentación da seguinte documentación debidamente cotexada:

a) Experiencia laboral:

- A experiencia laboral acreditarase mediante contratos de traballo e/ou certificados de empresa modelo oficial ou outros documentos oficiais que reflicten claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral
- A xustificación académica realizarase co correspondente título ou resgardo da solicitude do mesmo.

Condicións Xerais:

- **Non se admitirán acreditacións fóra do prazo de presentación sinalado na base 4.1.**
- **A documentación aportada quedará no expediente, sen posibilidade de recollida posterior ó proceso de selección.**

NOVENA.- CLASIFICACIÓN DEFINITIVA.

A puntuación final total de cada aspirante obterase sumando a puntuación total das tres fases. En caso de empate, dirimirase por aquel aspirantes que tivera alcanzado mellor puntuación na fase 2ª. De persistir o empate, dirimirase a favor daquel aspirante que tivera un número de acertos máis alto nas preguntas sobre desenvolvemento rural.

DÉCIMA.- ACTUACIÓN DOS ASPIRANTES.

10.1.- A orde de actuación dos/as aspirantes na terceira fase, será por orde alfabético de primeiro apelido, comezando coa letra que se determine en sorteo previo.

10.2.- Os/as aspirantes serán convocados/as, provistos de D.N.I., en chamamento único. A non presentación dun/ha aspirante ó exercicio da segunda e terceira fase no momento de ser chamado, determinará automaticamente o cese do seu dereito a participar no mesmo, quedando excluídos, en consecuencia, do procedemento selectivo.

UNDÉCIMA. – RELACIÓN DE APROBADOS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E BOLSA DE TRABAJO.

11.1.- Finalizada a calificación dos/as aspirantes das probas previstas, o Tribunal publicará a relación de aprobados pola orde de puntuación obtida, non podendo rebasar en número, en ningún caso, ao de prazas convocadas, que é unha.

Acto seguido, por orde do Sr. Presidente, elevarase a definitiva a proposta do Comité de Avaliación do aspirante con mellor puntuación.

11.2.- Notificada a resolución do nomeamento, deberá o/a interesado/a comparecer para suscribir o contrato correspondente e comezará a prestar o seu servizo no día que se lle indique.

11.3.- Para os supostos de quedar vacante por renuncia, baixa voluntaria, baixa por enfermidade, ausencia, suspensión legal do correspondente contrato ou outras causas, pola Presidencia de GDR-11 procederase a realizar as contratacións da bolsa de traballo que se teña constituído co resto de aspirantes que teñan superado as fases dúas e tres (fase de oposición).

DUODÉCIMA.- NORMA FINAL

Os procedementos establecidos nas bases así como as actuacións derivadas da súa aplicación por parte do Tribunal de Selección, poderán ser impugnados no prazo e forma establecidos na Lexislación que resulte de aplicación.

DILIXENCIA: A poño eu, o Secretario, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Xunta Directiva, **de data 10 de febreiro do 2009.**

En San Xoán de Río, a 12 de febreiro de 2009

ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA
PROGRAMA LEADER 2007-2013; GDR-11

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO.

CONVOCATORIA

1. PRAZA	
MINUSVALIA OU DISCAPACIDADE	
2. %	3. ADAPTACION
4. MOTIVO	

DATOS PERSONAIS

5. D.N.I.	6. PRIMEIRO APELIDO	7. SEGUNDO APELIDO	8. NOME
9. DATA DE NACEMENTO	10. SEXO (H/M)	11. MUNICIPIO	12. PROVINCIA
13. TELEFONO	14. DOMICILIO		
15. MUNICIPIO	16. PROVINCIA	17. NACIONALIDADE	
Correo electrónico:			

TITULOS ACADEMICOS OFICIAIS

DENOMINACION	CENTRO EXPEDICION	LOCALIDADE
18.		
19.		
20.		

A Persoa abaixo firmante solicita ser admitida no proceso selectivo ó que se refire a presente instancia e **DECLARA** que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso á función pública e as especialmente sinaladas na convocatoria anteriormente citada, e comprometese a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

En _____, a _____, de _____ de 2009

Sinatura da persoa interesada

SR. PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO SIL-BIBEI-NAVEA